

CORRECCIÓN DE ERROS. ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A).

Advertidos erros na ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A), é necesario modificar o seguinte:

Na páxina 36, Base 11.2 onde di:

“11.2. Temarios.

(...)

-Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

Para as especialidades de Alemán, Francés, Italiano e Ruso o anexo VI da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, de 21 de setembro).

Para a especialidade de galego: Orde ECD/2606/2003, do 28 de xullo, (BOE núm. 228, do 23 de setembro)”

Debe dicir:

“11.2. Temarios.

(...)

-Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

Para as especialidades de **Alemán, Francés, Italiano** o anexo VI da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, de 21 de setembro).

Para a especialidade de Ruso a Orde do 30 de abril de 1996 pola que se aproba o temario que ha de rexer nos procedementos de ingreso, adquisición de nova especialidade e mobilidade para a especialidade de Ruso dos Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas, regulados polo Real Decreto 850/1993, do 4 de xuño (BOE núm. 115, do 11 de maio)

Para a especialidade de galego: Orde ECD/2606/2003, do 28 de xullo, (BOE núm. 228, do 23 de setembro)”

Asinado en Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo
(sinatura dixital)

